

PROTOCOLO ADICIONAL À CONVENCIÓN DAS NACIÓNS UNIDAS CONTRA O CRIME ORGANIZADO TRANSNACIONAL RELATIVO À PREVENCIÓN, REPRESIÓN E SANCIÓN DO TRÁFICO DE PERSOAS, EN ESPECIAL MULLERES E CRIANZAS

PREÁMBULO

Os Estados Partes deste Protocolo,

Declarando que unha acción eficaz para prevenir e combater o tráfico de persoas, en especial mulleres e crianzas, esixe por parte dos países de orixe, de tránsito e de destino unha abordaxe global e internacional, que inclua medidas destinadas a prevenir ese tráfico, punir os traficantes e protexer as vítimas dese tráfico, designadamente protexendo os seus dereitos fundamentais internacionalmente recoñecidos;

Tendo en conta que, apesar da existencia dunha variedade de instrumentos internacionais que conteñen normas e medidas prácticas para combater a explotación de persoas, especialmente mulleres e crianzas, non existe nengun instrumento universal que trate de todos os aspectos relativos ao tráfico de persoas;

Preocupados con o feito de, na ausencia dese instrumento, as persoas vulnerábeis ao tráfico non estaren suficientemente protexidas;

Recordando a Resolución 53/111 da Asemblea Xeral, de 9 de Decembro de 1998, na cal a Asemblea decidiu crear un comité intergovernamental especial, de composición aberta, para elaborar unha convención internacional global contra o crime organizado transnacional e examinar a posibilidade de elaborar, designadamente, un instrumento internacional de luta contra o tráfico de mulleres e crianzas;

Tendo o convencimento de que para prevenir e combater ese tipo de criminalidade será útil completar a Convención das Nacións Unidas contra o Crime Organizado Transnacional con un instrumento internacional destinado a prevenir, reprimir e punir o tráfico de persoas, en especial mulleres e crianzas;

Acordaran o seguinte:

I – DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1. Relación con a Convención das Nacións Unidas contra o Crime Organizado Transnacional

1. O presente Protocolo completa a Convención das Nacións Unidas contra o Crime Organizado Transnacional e será interpretado en conxunto con a Convención.
2. As disposicións da convención aplicarán-se *mutatis mutandis* ao presente Protocolo salvo se no mesmo se dispuxer o contrario.
3. As infraccións establecidas en conformidade con o Artigo 5 do presente Protocolo serán consideradas como infraccións establecidas en conformidade con a Convención.

Artigo 2. Obxectivos

Os obxectivos do presente Protocolo son os seguintes:

- a. Prevenir e combater o tráfico de persoas, prestando unha atención especial às mulleres e às crianzas;
- b. Protexer e axudar as vítimas dese tráfico, respectando plenamente os seus dereitos humanos; e
- c. Promover a cooperación entre os Estados Partes de forma a atinxir eses obxectivos.

Artigo 3. Definicións

Para efectos do presente Protocolo:

- a. A expresión “tráfico de persoas” significa o recrutamento, o transporte, a transferencia, o aloxamento ou o acollimento de persoas, recorrendo à ameaza ou uso da forza ou a outras formas de coacción, ao rapto, à fraude, ao engano, ao abuso de autoridade ou à situación de vulnerabilidade ou à entrega ou aceptación de pagamentos ou beneficios para obter o consentimento dunha persoa que teña autoridade sobre outra para fins de explotación. A explotación incluírá, no mínimo, a explotación da prostitución de outrén ou outras formas de explotación sexual, o traballo ou servizos forzados, escravatura ou prácticas similares à escravatura, a servidume ou a remoción de órganos;
- b. O consentimento dado pola vítima de tráfico de persoas tendo en vista calquer tipo de explotación descrito na alínea a) do presente Artigo será considerado irrelevante se tiver sido utilizado calquer un dos meios referidos na alínea a);
- c. O recrutamento, o transporte, a transferencia, o aloxamento ou o acollimento dunha crianza para fins de explotación serán considerados “tráfico de persoas” mesmo que non envolvan nengun dos meios referidos na alínea a) do presente Artigo;
- d. O termo “crianza” significa calquer persoa con idade inferior a dezoito anos.

Artigo 4. Ámbito de Aplicación

O presente Protocolo aplicará-se, salvo disposición en contrario, à prevención, investigación e represión das infraccións establecidas en conformidade con o Artigo 5 do presente Protocolo, cando esas infraccións foren de natureza transnacional e envolveren un grupo criminoso organizado, ben como à protección das vítimas desas infraccións.

Artigo 5. Criminalización

1. Cada Estado Parte adoptará as medidas legislativas e outras que considere necesarias de forma a establecer como infraccións penais os actos descritos no Artigo 3 do presente Protocolo, cando teñan sido practicados intencionalmente.
2. Cada Estado Parte adoptará igualmente as medidas legislativas e outras que considere necesarias para establecer como infraccións penais:
 - a. Sen prexuízo dos conceptos fundamentais do seu sistema xurídico, a tentativa de cometer unha infracción establecida en conformidade con o Parágrafo 1 do presente Artigo;
 - b. A participación como cómplice nunha infracción establecida en conformidade con o Parágrafo 1 do presente Artigo; e
 - c. Organizar a práctica dunha infracción establecida en conformidade con o Parágrafo 1 do presente Artigo ou dar instrucións a outras persoas para que a pratiquen.

II – PROTECCIÓN DAS VÍTIMAS DE TRÁFICO DE PERSOAS

Artigo 6. Asistencia e Protección às Vítimas de Tráfico de Persoas

1. Nos casos en que se considere apropiado e na medida en que sexa permitido polo seu dereito interno, cada Estado Parte protexerá a privacidade e a identidade das vítimas de tráfico de persoas, incluíndo, entre outras, a confidencialidade dos procedementos xudiciais relativos a ese tráfico.
2. Cada Estado Parte asegurará que o seu sistema xurídico ou administrativo conteña medidas que fornezan às vítimas de tráfico de persoas, cando necesario:
 - a. Información sobre procedementos xudiciais e administrativos aplicábeis;
 - b. Asistencia para permitir que as súas opinións e preocupacións sexan apresentadas e tomadas en conta en fases adecuadas do proceso penal instaurado contra os autores das infraccións, sen prexuízo dos dereitos da defensa.
3. Cada Estado Parte terá en consideración a aplicación de medidas que permitan a recuperación física, psicolóxica e social das vítimas de tráfico de persoas, incluíndo, se for caso diso, en cooperación con organización non-governamentais, outras organizacións competentes e outros elementos de sociedade civil e, en especial, o fornecimento de:

- a. Aloxamento adecuado;
 - b. Aconsellamento e información, especialmente canto aos dereitos que a lei lles reconece, nunha lingua que comprendan;
 - c. Asistencia médica, psicolóxica e material; e
 - d. Oportunidades de emprego, educación e formación.
4. Cada Estado Parte terá en conta, ao aplicar as disposicións do presente Artigo, a idade, o sexo e as necesidades específicas das vítimas de tráfico de persoas, designadamente as necesidades específicas das crianzas, incluíndo o aloxamento, a educación e cuidados adecuados.
 5. Cada Estado Parte fará os esforzos precisos para garantir a seguranza física das vítimas de tráfico de persoas encanto estas se encontraren no seu territorio.
 6. Cada Estado Parte asegurará que o seu sistema xurídico conteña medidas que oferezan ás vítimas de tráfico de persoas a posibilidade de obteren indenización polos danos sufridos.

Artigo 7. Estatuto das Vítimas de Tráfico de Persoas nos Estados de Acollimento

1. Alén de adoptar as medidas en conformidade con o Artigo 6 do presente Protocolo, cada Estado Parte considerará a posibilidade de adoptar medidas legislativas ou outras medidas adecuadas que permitan ás vítimas de tráfico de persoas permanecerem no seu territorio a título temporario ou permanente, cando proceder.
2. Ao executar o disposto no Parágrafo 1 do presente Artigo, cada Estado Parte terá devidamente en conta factores humanitarios e persoais.

Artigo 8. Repatriamento das Vítimas de Tráfico de Persoas

1. O Estado Parte do cal a vítima de tráfico de persoas é nacional ou no cal a persoa tiña dereito de residencia permanente, no momento de entrada no territorio do Estado Parte de acollimento, facilitará e aceptará, sen demora indevida ou inxustificada, o regreso desa persoa, tendo devidamente en conta a seguranza da mesma.
2. Cando un Estado Parte retornar unha vítima de tráfico de persoas a un Estado Parte do cal esa persoa sexa nacional ou no cal tiña dereito de residencia permanente no momento de entrada no territorio do Estado Parte de acollimento, ese regreso levará devidamente en conta a seguranza da persoa ben como a situación de calquer proceso xudicial relacionado con o feito de tal persoa ser unha vítima de tráfico, preferencialmente de forma voluntaria.
3. A pedido do Estado Parte de acollimento, un Estado Parte requerido verificará, sen demora indevida ou inxustificada, se unha vítima de tráfico de persoas é nacional súa ou se tiña dereito de residencia permanente no seu territorio no momento de entrada no territorio do Estado Parte de acollimento.

4. De forma a facilitar o regreso de unha vítima de tráfico de persoas que non posua os documentos devidos, o Estado Parte do cal esa persoa é nacional ou no cal tiña dereito de residencia permanente no momento de entrada no territorio do Estado Parte de acollimento aceptará emitir, a pedido do Estado Parte de acollimento, os documentos de viaxe ou outro tipo de autorización necesaria que permita à persoa viaxar e ser readmitida no seu territorio.
5. O presente Artigo non prexudica os dereitos recoñecidos às vítimas de tráfico de persoas por forza de calquer disposición do dereito interno do Estado Parte de acollimento.
6. O presente Artigo non prexudica calquer acordo ou compromiso bilateral ou multilateral aplicábel que regule, no todo ou en parte, o regreso de vítimas de tráfico de persoas.

III. MEDIDAS DE PREVENCIÓN, COOPERACIÓN E OUTRAS MEDIDAS

Art. 9.- Prevención do tráfico de persoas

1. Os Estados Partes establecerán políticas abranxentes, programas e outras medidas para:
 - a. Prevenir e combater o tráfico de persoas; e;
 - b. Protexer as vítimas do tráfico de persoas, especialmente as mulleres e crianzas, contra un novo risco de vitimización.
2. Estados Parte procurarán aplicar medidas tais como actividades de investigación e campañas de información e difusión através dos órganos de comunicación, ben como iniciativas sociais e económicas, de forma a prevenir e combater o tráfico de persoas.
3. As políticas, os programas e outras medidas establecidas en conformidade con o presente artigo incluirán, se necesario, a cooperación con organizacións non governamentais, outras organizacións pertinentes e outros elementos da sociedade civil.
4. Os Estados Partes tomarán ou reforzarán as medidas, inclusive mediante a cooperación bilateral ou multilateral, para reducir os factores como a pobreza, o subdesenvolvemento e a desigualdade de oportunidades que tornan as persoas, especialmente as mulleres e crianzas, vulnerábeis ao tráfico.
5. Os Estados Partes adoptarán ou reforzarán as medidas lexislativas ou outras, tais como medidas educacionais, sociais e culturais, inclusive mediante a cooperación bilateral e multilateral, a fin de desencoraxar a procura que fomenta todo tipo de explotación de persoas, especialmente mulleres e crianzas, conducente ao tráfico.

Artigo 10. Intercambio de Informacións e Formación

1. As autoridades competentes para a aplicación da lei, os servizos de inmigración ou outros servizos competentes dos Estados Partes, cooperarán entre si, na medida do posíbel, mediante troca de informacións en conformidade con o respectivo dereito interno, con vistas a determinar:
 - a. Se as persoas que atravesan ou tentan atravesar unha fronteira internacional con documentos de viaxe pertencentes a terceiros ou sen documentos de viaxe son autores ou vítimas de tráfico de persoas;
 - b. Os tipos de documentos de viaxe que as persoas utilizaron ou tentaron utilizar para atravesar una fronteira internacional com o obxectivo de tráfico de persoas; e
 - c. Os medios e métodos utilizados por grupos criminosos organizados con o obxectivo de tráfico de persoas, incluíndo o recrutamento e o transporte de vítimas, os itinerarios e as relacións entre as persoas e os grupos involucrados no referido tráfico, ben como as medidas adecuadas à sua detección.
2. Os Estados Partes asegurarán ou reforzarán a formación dos axentes dos servizos competentes para a aplicación da lei, dos servizos de inmigración ou de outros servizos competentes na prevención do tráfico de persoas. A formación debe incidir sobre os métodos utilizados na prevención do referido tráfico, na acción penal contra os traficantes e na protección das vítimas, inclusive protexendo-as dos traficantes. A formación deberá tamén ter en conta a necesidade de considerar os dereitos humanos e os problemas específicos das mulleres e das crianzas ben como encoraxar a cooperación con organizacións non-governamentais, outras organizacións relevantes e outros elementos da sociedade civil.
3. Un Estado Parte que receba informacións respetará calquer pedido do Estado Parte que transmitiu esas informacións no sentido de restrinxir sua utilización.

Artigo 11. Medidas nas Fronteiras

1. Sen prexuízo dos compromisos internacionais relativos à libre circulación de persoas, os Estados Partes reforzarán, na medida do posíbel, os controlos fronteirizos necesarios para prevenir e detectar o tráfico de persoas.
2. Cada Estado Parte adoptará medidas legislativas ou outras medidas apropiadas para prevenir, na medida do posíbel, a utilización de medios de transporte explotados por transportadores comerciais na práctica de infraccións establecidas en conformidade con o Artigo 5 do presente Protocolo.
3. Cando se considere apropiado, e sen prexuízo das convencións internacionais aplicáveis, tais medidas incluírán o establecemento da obrigaçión para os transportadores comerciais, incluíndo calquer empresa de transporte, propietario ou operador de calquer meio de transporte, de certificar-se de que todos os pasaxeiros sexan portadores dos documentos de viaxe esixidos para a entrada no Estado de acollimento.

4. Cada Estado Parte tomará as medidas necesarias, en conformidade con o seu dereito interno, para aplicar sancións en caso de incumprimento da obrigaón constante do Parágrafo 3 do presente Artigo.
5. Cada Estado Parte considerará a posibilidade de tomar medidas que permitan, en conformidade con o dereito interno, recusar a entrada ou anular os vistos de persoas envolvidas na práctica de infraccións establecidas en conformidade con o presente Protocolo.
6. Sen prexuízo do disposto no Artigo 27 da Convención, os Estados Partes procurarán intensificar a cooperación entre os servizos de control de fronteiras, mediante, entre outros, o establecemento e a manutención de canais de comunicación directos.

Artigo 12. Seguranza e Control de Documentos

Cada Estado Parte adoptará as medidas necesarias, de acordo con os medios dispoñíbeis, para:

- a) Asegurar a calidade dos documentos de viaxe ou de identidade que emitir, para que non sexan indevidamente utilizados nen facilmente falsificados ou modificados, reproducidos ou emitidos de forma ilícita; e
- b) Asegurar a integridade e a seguranza dos documentos de viaxe ou de identidade emitidos por ese estado ou no seu nome e impedir a súa creación, emisión e utilización ilícitas.

Artigo 13. Lexitimidade e Validade dos Documentos

A pedido de outro Estado Parte, un Estado Parte verificará, en conformidade con o seu dereito interno e dentro de un prazo razoável, a lexitimidade e validade dos documentos de viaxe ou de identidade emitidos ou supostamente emitidos no seu nome e de que se sospeita teren sido utilizados para o tráfico de persoas.

IV. DISPOSICIÓN FINAIS

Artigo 14. Cláusula de Salvaguarda

1. Nengunha disposición do presente Protocolo prexudicará os dereitos, obrigaóns e responsabilidades dos Estados e das persoas por forza do dereito internacional, incluíndo o dereito internacional humanitário e a normativa internacional relativa aos dereitos humanos e, especificamente, na medida en que sexan aplicábeis, a

Convención de 1951 e o Protocolo de 1967 relativos ao Estatuto dos Refuxiados e ao principio do *non-refoulement*¹ neles enunciado.

2. As medidas constantes do presente Protocolo serán interpretadas e aplicadas de forma que as persoas que foran vítimas de tráfico non sexan discriminadas. A interpretación e aplicación das referidas medidas estarán en conformidade con os principios de non-discriminación internacionalmente recoñecidos.

Artigo 15. Solución de Controvérsias

1. Os Estados Partes procurarán resolver as controvérsias relativas à interpretación ou aplicación do presente Protocolo por negociación directa.
2. As controvérsias entre dous ou mais Estados Partes con respecto à aplicación ou à interpretación do presente Protocolo que non podan ser resolvidas por negociación, dentro de un prazo razoábel, serán submetidas, a pedido de un deses Estados Partes, a arbitraje. Se, no prazo de seis meses após a data do pedido de arbitraje, eses Estados Partes non chegaren a un acordo sobre a organización da arbitraje, calquer deses Estados Partes poderá submeter o diferendo ao Tribunal Internacional de Xustiza mediante requerimento, en conformidade con o Estatuto do Tribunal.
3. Cada Estado Parte pode, no momento da asinatura, da ratificación, da aceptación ou da aprobación do presente Protocolo ou da adhesión ao mesmo, declarar que non se considera vinculado ao Parágrafo 2 do presente Artigo. Os demais Estados Partes non ficarán vinculados ao Parágrafo 2 do presente Artigo en relación a calquer outro Estado Parte que teña feito esa reserva.
4. Calquer Estado Parte que teña feito unha reserva en conformidade con o Parágrafo 3 do presente Artigo pode, en calquer momento, retirar esa reserva através de notificación ao Secretario-Xeral das Nacións Unidas.

Artigo 16. Asinatura, Ratificación, Aceptación, Aprobación e Adesión

1. O presente Protocolo será aberto à asinatura de todos os Estados de 12 a 15 de Dezembro de 2000 en Palermo, Italia, e, en seguida, na sede da Organización das Nacións Unidas en Nova York até 12 de Dezembro de 2002.
2. O presente Protocolo será igualmente aberto à asinatura de organizacións rexionais de integración económica na condición de que polo menos un Estado membro desa organización teña asinado o presente Protocolo en conformidade con o Parágrafo 1 do presente Artigo.
3. O presente Protocolo está suxeito a ratificación, aceptación ou aprobación. Os instrumentos de ratificación, de aceptación ou de aprobación serán depositados

¹ Principio fundamental do dereito sobre refuxiados polo que se proibe aos Estados a expulsión ou devolución dun refuxiado, caisquer que foren as formas de o facer, às fronteiras de países ou territorios en que a súa vida ou liberdade estiveren ameazadas. O principio de *no-refoulement* forma parte do dereito internacional consuetudinário.

xunto ao Secretario-Xeral da Organización das Nacións Unidas. Unha organización rexional de integración económica pode depositar o seu instrumento de ratificación, de aceptación ou de aprobación se polo menos un dos seus Estados membros o tiver feito. Nese instrumento de ratificación, de aceptación e de aprobación esa organización declarará o ámbito da súa competencia relativamente ás materias reguladas polo presente Protocolo. Informará igualmente o depositario de calquer modificación relevante do ámbito da súa competencia.

4. O presente Protocolo está aberto à adhesión de calquer Estado ou de calquer organización rexional de integración económica da cal polo menos un Estado membro sexa Parte do presente Protocolo. Os instrumentos de adhesión serán depositados xunto do Secretario-Xeral das Nacións Unidas. No momento da súa adhesión, unha organización rexional de integración económica declarará o ámbito da súa competencia relativamente ás materias reguladas polo presente Protocolo. Informará igualmente o depositario de calquer modificación relevante do ámbito da súa competencia.

Artigo 17. Entrada en Vigor

1. O presente Protocolo entrará en vigor no nonaxésimo día seguinte à data do depósito do cuadrexésimo instrumento de ratificación, de aceptación, de aprobación ou de adhesión mais non antes da entrada en vigor da Convención. Para efectos do presente número, nengun instrumento depositado por unha organización rexional de integración económica será somado aos instrumentos depositados por Estados membros desa organización.
2. Para cada Estado ou organización rexional de integración económica que ratifique, aceite, aprove ou adira ao presente Protocolo após o depósito do cuadrexésimo instrumento pertinente, o presente Protocolo entrará en vigor no trixésimo día seguinte à data de depósito dese instrumento por parte do Estado ou organización ou na data de entrada en vigor do presente Protocolo, en conformidade con o Parágrafo 1 do presente Artigo, se esta for posterior.

Artigo 18. Emendas

1. Cinco anos após a entrada en vigor do presente Protocolo, un Estado Parte no Protocolo poderá propor emenda e depositar o texto xunto do Secretario-Xeral das Nacións Unidas, que en seguida comunicará a proposta de emenda aos Estados Partes e à Conferencia das Partes na Convención para analizar a proposta e tomar unha decisión. Os Estados Partes no presente Protocolo reunidos na Conferencia das Partes farán todos os esforzos para chegar a un consenso sobre calquer emenda. Se todos os esforzos para chegar a un consenso foren esgotados e non se chegar a un acordo, será necesario, en último caso, para que a alteración sexa aprobada, unha maioría de dous terzos dos Estados Partes no presente Protocolo, que estexan presentes e expresen o seu voto na Conferencia das Partes.

2. As organizacións rexionais de integración económica, en materias da súa competencia, exercerán o seu dereito de voto nos termos do presente Artigo con un número de votos igual ao número dos seus Estados membros que sexan Partes no presente Protocolo. Esas organizacións non exercerán o seu dereito de voto se os seus Estados membros exerceren o seu e vice-versa.
3. Unha emenda adoptada en conformidade con o Parágrafo 1 do presente Artigo estará suxeita a ratificación, aceptación ou aprobación dos Estados Partes.
4. Unha emenda adoptada en conformidade con o Parágrafo 1 do presente Protocolo entrará en vigor para un Estado Parte noventa días após a data do depósito do instrumento de ratificación, de aceptación ou de aprobación da referida emenda xunto ao Secretario-Xeral das Nacións Unidas.
5. A entrada en vigor de unha emenda vincula as Partes que manifestaran o seu consentimento en obrigar-se por esa alteración. Os outros Estados Partes permanecerán vinculados polas disposicións do presente Protocolo, ben como por calquer alteración anterior que teñan ratificado, aceptado ou aprobado.

Artigo 19. Denúncia

1. Un Estado Parte pode denunciar o presente Protocolo mediante notificación por escrito dirixida ao Secretario-Xeral das Nacións Unidas. A denuncia tornarase efectiva un ano após a data de recepción da notificación polo Secretario-Xeral.
2. Unha organización rexional de integración económica deixará de ser Parte no presente Protocolo cando todos os seus Estados membros o tiveren denunciado.

Artigo 20. Depositario e Idiomas

1. Secretario-Xeral das Nacións Unidas é o depositario do presente Protocolo.
2. O orixinal do presente Protocolo, cuxos textos en árabe, chinés, español, francés, inglés e ruso son igualmente auténticos, será depositado xunto ao Secretario-Xeral das Nacións Unidas.

En FÉ DO QUE, os plenipotenciarios abaixo asinantes, devidamente autorizados polos seus respectivos Governos, asinaron o presente Protocolo.